

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA AUMENTAR A DISPOÑIBILIDADE DE SOLO INDUSTRIAL NO CONCELLO DE PONTEAREAS, A TRAVÉS DA REDACCIÓN DO PLAN PARCIAL E PROXECTO DE REPARCELACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE IDENTIFICADO COMO IND-01 A LOMBA NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE PONTEAREAS

Asinado electronicamente o 14.11.2023

REÚNENSE

conselleira de Economía, Industria e Innovación, nomeada polo Decreto 67/2023, de 14 de xuño, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia.

alcaldesa do concello de Ponteareas, elixida mediante acordo plenario do 17 de xuño de 2023 e actuando en representación deste concello polas atribucións dadas polo art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutua e respectivamente a capacidade suficiente para asinar este convenio de colaboración.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Economía, Industria e Innovación ten, entre as súas competencias, a promoción e fomento do crecemento e consolidación das empresas, así como a coordinación e fomento da dispoñibilidade de solo empresarial, en colaboración coa Consellería competente en materia de vivenda e solo.

SEGUNDO.- O concello de Ponteareas ten, entre os seus obxectivos, o fomento da actividade económica industrial no seu termo municipal, como factor clave para a creación de riqueza e emprego na zona. Entre as actuacións prioritarias, necesarias para acadar este obxectivo, atópase o aumento da dispoñibilidade de solo empresarial e industrial, mediante o desenvolvemento e

ordenación dos solos susceptibles de ser utilizados por parte de industrias e outras actividades empresariais para a súa implantación. Entre as zonas con maior potencial do concello de Ponteareas atópase o sector de solo urbanizable IND-01 A LOMBA, cuxo desenvolvemento se considera prioritario no marco das políticas de promoción de actividades económicas e industriais deste termo municipal. Non obstante, co fin de levar a cabo o dito desenvolvemento, é imprescindible a súa ordenación, harmonización e posta en valor a través dun instrumento de desenvolvemento urbanístico axeitado, que permita, paralelamente, potenciar nesta área novos proxectos industriais e actividades económicas que non necesiten grandes superficies para a súa implantación (tendo en consideración a súa localización no tecido urbano, próximo á vila), e solucionar as conexións viarias do ámbito.

TERCEIRO.- A actuación indicada está perfectamente aliñada coas competencias e obxectivos da Consellería de Economía, Industria e Innovación que, a través da Secretaría Xeral de Industria, exerce, entre outras, as competencias relativas ao fomento da dispoñibilidade de solo empresarial en colaboración coa Consellería competente en materia de vivenda e solo, co obxectivo de ofrecerlles aos investidores que pretendan a súa implantación empresarial ou industrial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia aquelas localizacións de solo máis axeitadas ás necesidades dos proxectos que pretendan implantar ou ampliar.

Polo tanto, de acordo co exposto, existe un interese mutuo e converxente, por parte das dúas entidades, no aumento de dispoñibilidade de solo industrial no Concello de Ponteareas, polo que, a Consellería de Economía, Industria e Innovación e o Concello de Ponteareas, recoñecéndose as competencias mutuas, acordan subscribir este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e o Concello de Ponteareas para aumentar a dispoñibilidade de solo industrial no Concello de Ponteareas, a través da redacción do Plan Parcial e do correspondente Proxecto de Reparcelación para o desenvolvemento do sector de solo urbanizable identificado como IND-01 A Lomba e para a súa ordenación e transformación, o que permitirá o desenvolvemento futuro de actividades económicas e industriais en dita zona.

SEGUNDA.- Actuación a desenvolver

De acordo co Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ponteareas, a zona denominada “Solo industrial e empresarial de A Lomba (SURBZ 01 IND. A Lomba)” comprende unha zona emprazada na proximidade do medio urbano, cunha superficie aproximada de 45 hectáreas. Así mesmo, prevese que nesta zona se potenciará o funcionamento das industrias que xa existen e posibilitarase a ampliación dos proxectos industriais existentes que o requiran.

En liña cos obxectivos de descarbonización da industria, prevese que aquelas empresas de maior contido contaminante que xa cesasen a súa actividade, no caso de reformular o seu proceso, deberán buscar un emprazamento máis axeitado nos novos polígonos que se proxectan noutras zonas do Concello. E, en paralelo, as novas industrias nestas áreas deberán ser lixeiras e non contaminantes. Serán empresas que non necesiten grandes superficies para a súa implantación. Potenciarase a industria escaparate e a de transformación dos produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, as adegas e os seus produtos subsidiarios de manufacturación e embotellado, o uso téxtil e aquelas outras actividades que realicen a transformación industrial da materia prima autóctona, sen problemáticas de contaminación ambiental, que xa demostraron a súa eficacia en termos de xeración de emprego e de calidade de vida.

Tamén se fomentarán as industrias ou empresas que requiren espazos urbanos ben cualificados desde o punto de vista formal, que trasladen unha boa imaxe, representativa e homologada coas vantaxes que ofrece a proximidade da vila. Isto pode garantir unha especialización de dita área como espazo especialmente vencellado ás actividades empresariais que requiran espazos de exposición (industria escaparate) e unha localización nun entorno de calidade que oferte unha marca distintiva, con proximidade ao cidadán e ao consumidor.

Prevese ademais no dito plan xeral que se poderá constituír coma un espazo ordenado para absorber as demandas de almacenaxe e distribución ao Concello de produtos industriais e de bens de consumo a tódalas escalas, cunha pequena plataforma loxística de distribución, a escala do medio urbano. Absorberá tamén as necesidades industriais de mantemento ou servizo que poidan xurdir nas actividades económicas das áreas terciarias de ocio e saúde existentes no concello ou nos concellos veciños.

En conclusión, o dito solo deberá resolver con racionalidade a súa vocación de espazo complementario, pleno e múltiple, cun carácter que poderá ser, ademais, dotacional e de servizos;

ao meso tempo, deberá garantir unha calidade máxima nas propostas de urbanización e humanización, de acordo coa súa vinculación directa ao medio urbano.

Co fin de desenvolver as previsións incluídas no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ponteareas, aprobado definitivamente con data 30 de setembro de 2021, será necesario levar a cabo inicialmente a redacción do Plan Parcial (PP) e do correspondente Proxecto de Reparcelación para o desenvolvemento do sector de solo urbanizable identificado como IND-01 A LOMBA.

TERCEIRA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables os gastos e investimentos relativos á redacción do Plan Parcial (PP) que dará lugar ao correspondente Proxecto de Reparcelación para o desenvolvemento do sector de solo urbanizable identificado como IND-01 A LOMBA, no Concello de Ponteareas.

A actuación de redacción do PP e de elaboración do Proxecto de Reparcelación deberán formularse de acordo coas esixencias que para estes instrumentos de planeamento de desenvolvemento e Proxectos establece a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no seu Regulamento de desenvolvemento, incorporando o conxunto de determinacións, obxectivos, observacións e condicionantes fixados para este sector no PXOM de Ponteareas.

O obxectivo final é a redacción dun Plan Parcial que permita o desenvolvemento urbanístico do sector nos termos expostos no instrumento de planeamento xeral municipal, dar resposta ás previsións e obxectivos no mesmo establecido, ás necesidades da área e á redacción do correspondente Proxecto de Reparcelación que permita a materialización da ordenación detallada elaborada.

Na redacción dos documentos deberán respectarse e tomarse en consideración todas as determinacións, observacións e recomendacións que figuren e/ou se deriven da normativa sectorial que, no seu caso, e á vista das características da actuación proposta, resulte de aplicación.

Os tributos serán considerados gastos subvencionables cando o beneficiario os aboa efectivamente consonte ao establecido no artigo 29.8 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, o imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

CUARTA.- Cronograma

As actuacións obxecto deste convenio realizaranse de acordo co seguinte cronograma, que condiciona os pagamentos a realizar ao beneficiario, correspondentes ás contías previstas para cada anualidade:

- 01/10/2023-10/12/2023: elaboración de avance do plan parcial e xustificación dos investimentos realizados na anualidade 2023 na elaboración deste documento, de acordo co establecido neste convenio. O avance do plan parcial deberá conter os elementos xerais estratéxicos e de deseño que permitan á Secretaría Xeral de Industria, de ser o caso, a validación do documento no marco do fomento de dispoñibilidade de solo industrial da Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- 10/12/2023-22/12/2023: validación, de ser o caso, por parte da Secretaría Xeral de Industria, do dito avance, co fin de que o Concello de Ponteareas continúe coa elaboración do Documento Ambiental Estratéxico e o Borrador do plan parcial para enviar ao órgano ambiental (CMATV). En caso necesario, a Secretaría Xeral de Industria poderá propoñer correccións ou modificacións do planteamento, para conseguir o necesario aliñamento de fomento de dispoñibilidade de solo industrial da Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- 22/12/2023-31/12/2023: pagamento da contía que corresponda á xustificación dos investimentos realizados no ano 2023, de acordo con este convenio.
- 01/01/2024-10/06/2024: elaboración do Documento Ambiental Estratéxico e o Borrador do plan parcial para enviar ao órgano ambiental (CMATV), e xustificación dos investimentos realizados na anualidade 2024 na elaboración deste documento, de acordo co establecido neste convenio.
- 10/06/2024-30/09/2024: validación, de ser o caso, por parte da Secretaría Xeral de Industria, dos documentos. En caso necesario, a Secretaría Xeral de Industria poderá propoñer correccións ou modificacións, para conseguir o necesario aliñamento de fomento de dispoñibilidade de solo industrial da Consellería de Economía, Industria e Innovación. O pagamento previsto neste convenio por parte da Secretaría Xeral de Industria, correspondente á anualidade 2024, realizarase unha vez se dean por validados definitivamente os documentos indicados anteriormente.

QUINTA.-Obrigas do beneficiario

O concello de Ponteareas, como beneficiario, levará a cabo as actuacións obxecto do convenio, que é a redacción do Plan Parcial (PP) e do correspondente Proxecto de Reparcelación para o

desenvolvemento do sector de solo urbanizable identificado como IND-01 A LOMBA, cuxas características principais se inclúen como anexo a este convenio.

Así mesmo, deberá cumprir cos seguintes requisitos ou obrigas:

1. Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo.
2. Xustificar documentalmente os investimentos realizados, tanto xustificación parcial (anualidade 2023) como final (anualidade 2024), de acordo co establecido neste convenio e na normativa vixente.
3. Comunicar á Consellería de Economía, Industria e Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
4. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Consellería de Economía, Industria e Innovación.
5. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución destas actuacións, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
6. De acordo co artigo 40 apartado 1.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, o concello de Ponteareas está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. O concello de Ponteareas procederá ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos máis os xuros de mora devindicados desde o momento da concesión ata o de reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

8. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.

9. Acreditar ante a Consellería de Economía, Industria e Innovación, con anterioridade á sinatura do presente convenio, que se atopan ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, para o que poderá presentar unha declaración responsable consonte ao artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se proba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

10. Cumprir coas esixencias do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. En particular, deberá acreditar ante a Consellería de Economía, Industria e Innovación, con anterioridade á sinatura do presente convenio, ter cumprido co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais.

11. Cumprir co resto dos requisitos e das obrigas recollidas no artigo 11º da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Obrigas da Consellería de Economía, Industria e Innovación

1. A Consellería de Economía, Industria e Innovación, por medio da Secretaría Xeral de Industria, achegará ao concello de Ponteareas, na súa calidade de beneficiario, os gastos que se xustifiquen como subvencionables ata un máximo de 100.000,00 euros, de tal xeito que a cantidade de 30.000 euros é para a anualidade 2023 e a cantidade de 70.000 euros para a anualidade 2024, con cargo á partida orzamentaria 05.02.732A.760.0, proxecto contable 2023 00006 (Estratexia para a implantación e consolidación de proxectos industriais), ao levar a cabo as actuacións obxecto do convenio.

2.- Calquera modificación das cláusulas do presente convenio deberá ser solicitada á Consellería, quen decidirá sobre a súa procedencia e, no caso de aceptarse, levarase a cabo a súa formalización mediante a correspondente "addenda", consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

SÉTIMA.- Subcontratación e os seus límites

A subcontratación dos servizos necesarios para acometer as actividades a desenvolver ao abeiro do presente convenio poderá acadar ata o 100% das mesmas e realizarase de acordo aos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do seu regulamento. En todo caso, a Consellería de Economía, Industria e Innovación poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo, así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

De conformidade co apartado 3 do artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, cando a actividade concertada exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000€ a subcontratación deberá cumprir os requisitos seguintes:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo se autorice previamente pola Consellería de Economía, Industria e Innovación.

OITAVA.- Vixencia

Este convenio entrara en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Admitiranse actividades do presente convenio anteriores a súa sinatura desde o 1 de outubro de 2023 que teñan a característica de subvencionables, como os gastos e investimentos relativos á redacción do Plan Parcial (PP) que dará lugar ao correspondente Proxecto de Reparcelación para o desenvolvemento do sector de solo urbanizable identificado como IND-01 A LOMBA, no Concello de Ponteareas.

NOVENA.- Compatibilidade con outras axudas

Consonte ao establecido no artigo 40 do Decreto 11/2009 que establece o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establécese a compatibilidade da axuda concedida neste convenio con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade subvencionada.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 11º, apartado d) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia os beneficiarios deberán cumprir coa obriga de comunicar á Secretaría Xeral de Industria

cantas axudas, subvencións, ingresos ou recursos sexan obtidas para financiar adicionalmente estas mesmas actividades.

DÉCIMA.- Prazo e forma de xustificación

1. A data límite para a presentación da correspondente xustificación da realización das actividades do presente convenio será o 10 de decembro de 2023 para a anualidade 2023 e o 31 de outubro do 2024 para a anualidade 2024. Admitiranse os xustificantes de gastos realizados desde o 1 de xuño de 2023 ata o 10 de decembro de 2023 para a xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2023, e do 1 de xaneiro ao 31 de outubro de 2024 para a anualidade 2024.

A documentación necesaria para a xustificación é:

1.1 Certificación expedida pola Secretaría do concello de Ponteareas, co visto e praxe do alcalde-presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

a) O cumprimento da finalidade da subvención.

b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data do recoñecemento da obriga polo órgano competente.

1.2 Facturas orixinais das actuacións realizadas. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá aportar unha copia auténtica electrónica da factura orixinal en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Non obstante, no presente procedemento, admitiranse as facturas orixinais en papel ou copias debidamente compulsadas, no caso de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica por parte da Administración para emitir copias auténticas electrónicas.

1.3 Xustificante de pago das facturas mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo, así como os xustificantes obtidos a través de Internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

1.4 Certificado da Secretaría do concello de Ponteareas no que se indique que o procedemento de contratación pública realizouse consonte á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e onde se indique ademais o adxudicatario do contrato e o importe de adxudicación.

1.5 Certificado da secretaría ou intervención do concello de Ponteareas onde se sinala que o IVE subvencionado non é recuperable por parte do concello beneficiario.

1.6 Informe técnico no que se describa a realización total da actuación e os datos e incidencias máis significativas na súa execución, asinado por técnico municipal.

1.7 Declaración actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución destinadas ao financiamento do mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía.

1.8 Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.9 Documentación que corresponda en cada fase da xustificación, prevista na cláusula cuarta deste convenio:

- Xustificación da anualidade 2023: avance do plan parcial, para validación por parte da Secretaría Xeral de Industria.

- Xustificación da anualidade 2024: Documento Ambiental Estratéxico e o Borrador do plan parcial para enviar ao órgano ambiental (CMATV), para validación por parte da Secretaría Xeral de Industria.

2. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia. A

presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme a Lei, correspondan.

3. Os órganos competentes da Consellería de Economía, Industria e Innovación poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á subvención.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Control

1. A Consellería de Economía, Industria e Innovación poderá facer as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á labor interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas, coa obriga por parte dos beneficiarios de achegar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das anteriores actuacións.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade

1. As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da Consellería de Economía, Industria e Innovación, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como, no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

2. Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3. En toda a información e publicidade das actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da Consellería de Economía, Industria e Innovación e utilizaranse, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio e velar polo cumprimento do seu obxecto, constituirase unha Comisión de Seguimento, composta por un representante de cada unha das partes asinantes do presente convenio, con nomeamento de titular e suplente.

DÉCIMO CUARTA.- Confidencialidade

O beneficiario comprométese a manter a confidencialidade de toda a información facilitada que teña o dito carácter.

Cando o beneficiario desexe utilizar algún dato que teña carácter de confidencial para a súa publicación ou difusión, deberá solicitar a autorización da Consellería.

DÉCIMO QUINTA.- Relación contractual

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades contempladas no presente convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO SEXTA.- Perda do dereito ao cobro e reintegro da axuda

1. Producirase a perda do dereito ao cobro da axuda ou, no seu caso, procederá o reintegro da mesma cos intereses correspondentes, nos supostos e termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

2. O reintegro das axudas rexerase polo establecido no Título II da Lei de subvencións de Galicia e no Título V do Regulamento da devandita Lei.

3. Na gradación dos posibles incumprimentos que determinen a perda do dereito ao cobro ou o reintegro das axudas, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus

compromisos, a cantidade a reintegrar virá determinada pola aplicación dos seguintes criterios de proporcionalidade:

- 1.º O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación levará á devolución daquela parte da axuda destinada ás mesmas.
- 2.º A realización de gastos fóra do prazo de execución suporá a devolución das cantidades investidas fóra de prazo.
- 3.º A non presentación das correspondentes xustificacións, de acordo co establecido nas cláusulas do presente convenio, levará á devolución das cantidades percibidas e non xustificadas, logo do requirimento establecido no punto 2, artigo 45 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

b) O incumprimento total e manifesto dos obxectivos establecidos no presente convenio será causa de reintegro total da axuda.

DÉCIMO SÉTIMA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de demora correspondente desde o momento do pagamento de toda a subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.

DÉCIMO OITAVA.- Natureza e resolución de conflitos

O presente convenio ten carácter administrativo. Correspóndelle á Conselleira de Economía, Industria e Innovación a interpretación do mesmo e a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos tomados neste sentido inmediatamente executivos. As posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade coa lei reguladora de dita xurisdición.

DÉCIMO NOVENA .- Supletoriedade

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicárase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normas de dereito administrativo.

Tendo lido o presente convenio e, en proba de conformidade, asíñase electronicamente por todas as partes.

Pola Consellería
de Economía, Industria e Innovación

Polo concello de Ponteareas

María Jesús Lorenzana Somoza

María Nava Castro Domínguez



ANEXO: CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE IND-01 A LOMBA

- Superficie bruta do SURBZ: 474.356,00 m²
- Superficie construída industrial: 159.218,33 m²
- N.º de empresas instaladas: Entre 20 e 25 empresas

PLANOS DE DELIMITACIÓN NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL




POLÍGONO INDUSTRIAL DE A LOMBA

AREAS - PONTEAREAS - RIBADETEA
VISTA AÉREA SIOTUGA



POLÍGONO INDUSTRIAL DE A LOMBA
AREAS - PONTEAREAS - RIBADETEA
PXOM, Cartografía 1:5000



POLÍGONO INDUSTRIAL DE A LOMBA

AREAS - PONTEAREAS - RIBADETEA

Cartografía Catastral